- É valorado ao seu prezo de adquisición ou custo de produción, que inclúe, ademais do importe facturado despois de deducir calquera desconto ou rebaixa no prezo, tódolos gastos adicionais e directamente relacionados que se produciran ata a súa posta en funcionamento (gastos de explanación e derribo, transporte, seguros, instalación, montaxe e outros similares). A entidade inclúe no custo do inmovilizado material que necesita un período de tempo superior a un ano para estar en condicións de uso, explotación ou venda, os gastos financeiros relacionados co financiamento directamente imputable á adquisición, construción ou produción. Forma parte tamén do valor do inmovilizado material a estimación inicial do valor actual das obrigas asumidas derivadas do desmantelamento ou retiro, e outras asociadas ao activo (tales como custos de rehabilitación), cando estas obrigas dan lugar ao rexistro de provisións.
- A Xunta de Goberno da entidade considera que o valor contable dos activos non supera o valor recuperable dos mesmos.
- Rexístrase unha perda por deterioro do valor dun elemento do inmovilizado material cando o seu valor neto contable supera ao seu importe recuperable, entendendo este como o maior importe entre o seu valor razoable descontando os custos de venda e o seu valor en uso.
- Os gastos realizados durante o exercicio con motivo das obras e traballos efectuados pola entidade cargaranse nas contas de gastos que correspondan. Os custos de ampliación ou mellora que dan lugar a un aumento da capacidade productiva ou a un alongamento da vida útil dos bens, son incorporados ao activo como maior valor do mesmo. As contas do inmovilizado material en curso cárganse polo importe de ditos gastos, con abono á partida de ingresos que recolle os traballos realizados pola entidade para si mesma.
- A amortización dos elementos do inmovilizado material realízase, dende o momento no que están dispoñibles para a súa posta en funcionamento, de forma lineal durante a súa vida útil estimada, considerando un valor residual nulo. As porcentaxes medias de amortización do inmovilizado material recóllense no seguinte cadro:

| Descrición | Nº anos | % Anual |
|--------------------------------|---------|---------|
| Construcións | 65 | 1,54 |
| Instalacións Técnicas | 15 | 6,67 |
| Mobiliario | 15 | 7,00 |
| Equipos Proceso de Información | 5 | 20 |

3. Instrumentos financeiros.

A entidade ten rexistrados, no capítulo de instrumentos financeiros, aqueles contratos que dan lugar a un activo financeiro nunha empresa e, simultaneamente, a un pasivo financeiro ou a un instrumento de patrimonio noutra empresa. Considéranse, polo tanto instrumentos financeiros, os seguintes:

a) Activos financeiros:

- Efectivo e outros activos líquidos equivalentes.
- Créditos por operacións comerciais: clientes e debedores varios.
- Créditos a terceiros: tales como os préstamos e créditos financeiros concedidos, incluídos os xurdidos da venda de activos non correntes.
- Valores representativos de débeda doutras empresas: tales como as obrigas, bonos e pagarés.
- Instrumentos de patrimonio doutras empresas: accións, participacións en institucións de inversión colectiva e outros instrumentos de patrimonio.
- Derivados con valoración favorable para a entidade: entre eles, futuros, opcións, permutas financeiras e compravenda de moeda estranxeira a prazo.
- Outros activos financeiros: tales como depósitos en entidades de crédito, anticipos e créditos ao persoal, fianzas e depósitos constituídos, dividendos a cobrar e desembolsos esixidos sobre instrumentos de patrimonio propio.

b) Pasivos financeiros:

- Débitos por operacións comerciais: provedores e acredores varios.
- Débedas con entidades de crédito.
- Obrigas e outros valores negociables emitidos: tales como bonos e pagarés.
- Derivados con valoración desfavorable para a entidade: entre eles, futuros, opcións, permutas financeiras e compravenda de moeda estranxeira a prazo.
- Débedas con características especiais.
- Outros pasivos financeiros: débedas con terceiros, tales como os préstamos e créditos financeiros recibidos de persoas ou empresas que non sexan entidades de crédito (incluídos os xurdidos da compra de activos non correntes), fianzas e depósitos recibidos e desembolsos esixidos por terceiros sobre participacións.

c) Instrumentos de patrimonio propio: Tódolos instrumentos financeiros que se inclúen dentro dos fondos propios, tales coma as accións ordinarias emitidas.

Inversións financeiras a longo prazo:

- Préstamos e contas por cobrar: Rexístranse ao seu custo amortizado, correspondendo ao efectivo entregado, menos as devolucións do principal efectuadas, máis os xuros debidos non cobrados no caso dos préstamos, e ao valor actual da consideración realizada no caso das contas por cobrar. No caso das contas por cobrar con vencemento inferior a un ano, cando o efecto de non actualizar os fluxos non é significativo, valóranse polo seu valor nominal. A entidade rexistra as correspondentes provisións pola diferenza existente entre o importe a recuperar das contas por cobrar e o valor en libros polo que se atopan rexistradas. 

- Inversións mantidas ata o vencemento: Aqueles valores representativos de débeda, cunha data de vencemento fixada, cobros de cantidade determinada ou determinable, que se negocien nun mercado activo, e que a entidade ten intención e capacidade de conservar ata o seu vencemento. Contabilízanse ao seu custo amortizado.
- Activos financeiros rexistrados a valor razoable con cambios nos resultados: A entidade clasifica os activos e pasivos financeiros a valor razoable con cambios na Conta de Perdas e Ganancias no momento do seu recoñecemento inicial só en caso de que:
 - Desesa forma sexa eliminada ou reducida de forma significativa a non correlación contable entre activos e pasivos financeiros, ou
 - O rendemento dun grupo de activos financeiros, pasivos financeiros ou de ámbolos dous, se xestione e valore segundo o criterio do valor razoable, de conformidade coa estratexia documentada de inversión ou de xestión do risco da entidade.

Tamén son clasificados nesta categoría os activos e pasivos financeiros con derivados implícitos, que son tratados como instrumentos financeiros híbridos, ben porque foron designados como tales pola entidade, ben debido a que non se pode valorar o compoñente do derivado con fiabilidade na data de adquisición ou nunha data posterior. Os activos e pasivos financeiros de valor razoable con cambios na Conta de Perdas e Ganancias valóranse seguindo os criterios establecidos para os activos e pasivos financeiros mantidos para negociar.

A entidade non reclasifica ningún activo ou pasivo financeiro de ou ata esta categoría mentres estea recoñecido no Balance de situación, salvo cando proceda clasificar o activo como inversión en empresas do grupo, asociadas ou multigrupo.

- Inversións en empresas do grupo, asociadas ou multigrupo.
- Inversións dispoñibles para a venda: Son aquelas inversións que non entran dentro das catro categorías anteriores, correspondendo maioritariamente con inversións financeiras en capital, cunha inversión inferior ao 20%. Estas inversións figuran no Balance de situación adxunto polo seu valor razoable cando é posible determinalo de forma fiable. No caso de participacións en entidades non cotizadas, e dado que normalmente non é posible determinar o valor de mercado de forma fiable, valóranse polo seu custo de adquisición ou por un importe inferior, se existira evidencia do seu deterioro cun vencemento inferior a tres meses.

Efectivo e outros medios líquidos equivalentes:

Baixo este epígrafe do Balance de situación adxunto rexístrase o efectivo en caixa e bancos, depósitos á vista e outras inversións a curto prazo de alta liquidez que son rapidamente realizables e que non teñen risco de cambios no seu valor.

Pasivos financeiros:

- Os préstamos, obrigas e similares rexístranse inicialmente polo importe recibido, neto de custos incorridos na transacción. Os gastos financeiros, incluídas as primas a pagar na liquidación ou reembolso e os custos de transacción, contabilízanse na Conta de Perdas e Ganancias segundo criterio do devengo utilizando o método do xuro efectivo. O importe devengado e non liquidado engádese ao importe en libros do instrumento, na medida en que non se liquidan no período no que se producen. 

- As contas a pagar rexístranse inicialmente ao seu custo de mercado, e posteriormente son valoradas ao custo amortizado, utilizando o método do xuro efectivo. Cando se trata de contas a pagar con vencemento inferior a un ano, e sempre que o efecto de non actualizar os fluxos no sexa significativo, valóranse ó seu valor nominal.

4. Impostos sobre beneficios.

- O gasto por imposto sobre beneficios determínase mediante a suma do gasto por imposto corrente e o imposto diferido. O gasto por imposto corrente determínase aplicando a taxa de impostos vixente á ganancia fiscal, e minorando o resultado así obtido no importe das bonificacións e deducións xerais e aplicadas no exercicio.
- Os activos e pasivos por impostos diferidos proceden das diferencias temporarias, definidas estas como importes previstos a pagar ou recuperables no futuro e que derivan da diferenza entre o valor en libros dos activos e pasivos e a súa base fiscal. Ditos importes rexístranse aplicando á diferenza temporaria á taxa de impostos ao que se espera sexan recuperados ou liquidados.
- Os activos por impostos diferidos nacen, da mesma forma, como consecuencia das bases impositivas negativas pendentes de compensar e dos créditos por deducións fiscais xeradas e non aplicadas.

5. Ingresos e gastos.

- Os ingresos e os gastos son imputados en función do criterio do devengo sendo independente o momento en que se produce a corrente monetaria ou financeira derivada deles.
- A entidade unicamente contabiliza os beneficios realizados na data de peche do exercicio, en tanto que os riscos e as perdas previsibles (aínda que sexan de forma eventual) son contabilizados tan pronto como son coñecidos.
- Os ingresos pola venda de bens ou servicios recoñécense polo valor razoable da contrapartida recibida ou a percibir derivada dos mesmos. Os descontos por pronto pago, por volume ou outro tipo de descontos, así como os xuros incorporados ao nominal dos créditos, rexístranse como unha minoración dos mesmos. Non obstante, a entidade inclúe os xuros incorporados aos créditos comerciais con vencemento non superior a un ano que non teñen un tipo de xuro contractual, cando o efecto da non actualización dos fluxos de efectivo non é significativo.
- Os descontos concedidos aos clientes recoñécense no momento en que é probable que se cumpran as condicións que determinan a súa concesión como unha redución dos ingresos por vendas.
- Os anticipos por conta de vendas futuras figuran valoradas polo valor recibido.

6. Subvencións, doazóns e legados.

- As subvencións de capital non reintegrables son valoradas polo importe concedido, recoñecéndose inicialmente como ingresos directamente imputados ao patrimonio neto, e impútanse aos resultados en proporción á depreciación experimentada durante o período polos activos financiados por esas subvencións. No caso de activos non

depreciables, a subvención imputarase ao resultado do exercicio no que se produza a venda ou baixa no inventario dos mesmos.

- Mentres teñan o carácter de subvencións reintegrables, contabilízanse como débedas a longo prazo transformables en subvencións.
- Cando as subvencións sexan concedidas para financiar gastos específicos, imputarase como ingresos no exercicio en que se devenguen os gastos que estean financiando.

7. Criterios empregados nas transaccións entre partes vinculadas.

No suposto de existiren, as operacións entre empresas do mesmo grupo, con independencia do grao de vinculación, contabilízanse de conformidade coas normas xerais. Os elementos obxecto das transaccións que se realicen contabilízanse no momento inicial polo seu valor razoable. A valoración posterior realizarase de conformidade co previsto nas normas particulares para as contas que correspondan.

NOTA 5: Inmovilizado material

- O movemento neste capítulo do Balance de situación adxunto é o seguinte:

| | Terrenos e construcións | Instalacións técnicas e outro inmovilizado material | Total |
|---|-------------------------|---|-------------------|
| SALDO INICIAL BRUTO 2021 | 245.683,64 | 320.830,08 | 566.513,72 |
| (+) Adquisicións, ampliacións e melloras | | 32.624,61 | 32.624,61 |
| (+/-) Reclasificacións entre partidas | | | 0,00 |
| (-) Saldas, baixas ou reducións | | -139,00 | -139,00 |
| D) SALDO FINAL BRUTO 2021 / SALDO INICIAL 2022 | 245.683,64 | 353.315,69 | 598.999,33 |
| (+) Adquisicións, ampliacións e melloras | | 14.127,28 | 14.127,28 |
| (+/-) Reclasificacións entre partidas | | | 0,00 |
| (-) Saldas, baixas ou reducións | | -8.542,48 | -8.542,48 |
| SALDO FINAL BRUTO 2022 | 245.683,64 | 358.900,49 | 604.584,13 |
| AMORT. ACUMULADA, SALDO INICIAL 2021 | 73.612,43 | 213.597,73 | 287.210,16 |
| (+) Dotación á amortización do exercicio 2021 | 3.779,76 | 12.621,56 | 16.401,32 |
| (-) Baixa amort. Ac. Baixas de bens | | -129,92 | -129,92 |
| AMORT. ACUMULADA, SALDO FINAL 2021 | 77.392,19 | 226.089,37 | 303.481,56 |
| (+) Dotación á amortización do exercicio 2022 | 3.779,76 | 15.083,56 | 18.863,32 |
| (-) Baixa amort. Ac. Baixas de bens | | -8.542,48 | -8.542,48 |
| AMORTIZACIÓN ACUMULADA, SALDO FINAL 2022 | 81.171,95 | 232.630,45 | 313.802,40 |
| SALDO NETO 2022 | 164.511,69 | 126.270,04 | 290.781,73 |

- As altas do exercicio 2022 corresponden principalmente con mobiliario e equipos informáticos, o mesmo que no exercicio 2021.
- O inmovilizado material totalmente amortizado ascendía, a 31 de decembro de 2022, a 150.876,60 euros. A finais de 2021, supoñía un total de 158.301,34 euros. Esta redución débese principalmente a baixas de equipos para procesos de información.
- Ningún dos inmovilizados materiais da entidade ten dotada corrección valorativa por deterioro.
- Non figura no Balance de situación ningún inmovible que fose cedido á entidade, nin que fose cedido por esta a outra empresa ou organización.
- Non existen restricións á disposición de ningún inmovilizado material.

NOTA 6: Inmovilizado intanxible

- O detalle de movementos habidos neste capítulo do Balance de situación adxunto é o seguinte:

| | Patentes, licencias, marcas e similares | Outro inmovilizado intanxible | Total |
|---|---|-------------------------------------|-------------------|
| SALDO INICIAL BRUTO 2021 | 1.369,72 | 152.513,35 | 153.883,07 |
| (+) Adquisicións, ampliacións e melloras | 0,00 | 0,00 | 0,00 |
| (-) Saldas, baixas ou reducións | | | |
| D) SALDO FINAL BRUTO 2021 / SALDO INICIAL 2022 | 1.369,72 | 152.513,35 | 153.883,07 |
| (+) Adquisicións, ampliacións e melloras | 0,00 | 0,00 | 0,00 |
| (-) Saldas, baixas ou reducións | | | |
| SALDO FINAL BRUTO 2022 | 1.369,72 | 152.513,35 | 153.883,07 |
| AMORT. ACUMULADA, SALDO INICIAL 2021 | 1.364,70 | 129.066,80 | 130.431,50 |
| (+) Dotación á amortización do exercicio 2021 | 5,02 | 9.401,04 | 9.406,06 |
| (-) Baixa amort. Ac. Baixas de bens | | | |
| AMORT. ACUMULADA, SALDO FINAL 2021 / INICIAL 2022 | 1.369,72 | 138.467,84 | 139.837,56 |
| (+) Dotación á amortización do exercicio 2022 | 0,00 | 9.199,73 | 9.199,73 |
| (-) Baixa amort. Ac. Baixas de bens | | | |
| AMORT. ACUMULADA, SALDO FINAL 2022 | 1.369,72 | 147.667,57 | 149.037,29 |
| SALDO NETO 2022 | 0,00 | 4.845,78 | 4.845,78 |

- O inmovilizado intanxible totalmente amortizado ascendía, a 31 de decembro de 2022, a 132.738,32 euros e a finais de 2021 ascendía a 125.490,42 euros.
- A amortización dos elementos de inmovilizado intanxible realízase de forma lineal durante a súa vida útil estimada.
- Ningún dos inmovilizados intanxibles da entidade ten dotada corrección valorativa por deterioro.
- Non existen restricións á disposición de ningún inmovilizado intanxible.

NOTA 7: Usuarios e outros debedores da actividade propia

- O movemento habido nesta conta durante o exercicio 2022 e o precedente é o que a continuación se detalla:

| | |
|--|-------------------|
| SALDO INICIAL BRUTO 2021 | 138.094,71 |
| Aumentos | 62.036,47 |
| Diminucións | 181.735,88 |
| D) SALDO FINAL BRUTO 2021 / SALDO INICIAL 2022 | 18.395,30 |
| Aumentos | 203.728,85 |
| Diminucións | 66.822,96 |
| SALDO FINAL BRUTO 2022 | 155.301,19 |

Non se inclúen no movemento anterior saldos debedores de Administracións Públicas. O detalle destas partidas pode verse no epígrafe 12 desta memoria.

- O saldo pendente ao remate do exercicio componse da seguinte forma:

| | 2022 | 2021 |
|------------------|-------------------|------------------|
| Xunta de Galicia | 136.589,41 | 0,00 |
| Outros debedores | 18.711,78 | 18.395,30 |
| | 155.301,19 | 18.395,30 |

- Tamén se inclúen deterioros de créditos (efecto cero no balance) por 32.844,89 euros, que en 2021 ascendían a 24.799,39 euros.

NOTA 8: Beneficiarios acredores e acredores comerciais

- A variación que se produciu nos anos 2021 e 2022 no saldo do epígrafe “Acredores comerciais e outras contas a pagar” é a que sigue:

| | |
|--|-------------------|
| SALDO INICIAL 2021 | 126.479,10 |
| Aumentos | 455.564,48 |
| Diminucións | 489.783,83 |
| D) SALDO FINAL 2021 / SALDO INICIAL 2022 | 92.259,75 |
| Aumentos | 507.945,92 |
| Diminucións | 492.928,60 |
| SALDO FINAL 2022 | 107.277,07 |

No detalle anterior inclúense saldos acredores con Administracións Públicas, sendo estes de 69.225,23 euros no exercicio 2022 e de 59.960,67 euros en 2021. O detalle destas partidas pode verse no epígrafe 12 desta memoria. 

NOTA 9: Outros instrumentos financeiros

- Ademais dos activos e pasivos directamente relacionados coa actividade da empresa, o Balance de situación adxunto non recolle partidas de carácter financeiro.

No exercicio 2019 acordouse solicitar un préstamo para a implementación da dixitalización electrónica da entidade, por importe de 70.000 euros e vencemento a tres anos. O detalle anual dos próximos vencementos deste préstamo é o seguinte:

| | |
|----------------|----------|
| Exercicio 2023 | 2.001,65 |
|----------------|----------|

- As periodificacións a curto prazo que aparecen no activo do Balance ascendían a 6.654,44 euros a finais do exercicio 2022, sendo de 11.077,88 euros no exercicio 2021.

Pola súa banda, os ingresos anticipados recollidos no Pasivo Corrente sumaron un total de 1.103,35 euros en 2022 e 1.879,30 euros en 2021. Estes ingresos anticipados correspóndense fundamentalmente con cotas de inscrición a cursos que o Colexio desenvolve, e que ou ben se inician no exercicio corrente pero rematan no seguinte, ou ben se inician a comezos do ano seguinte pero parte dos cobros de cotas se realizan neste ano.

- O efectivo e outros líquidos equivalentes posuídos pola entidade eran, a 31 de decembro de 2022, de 505.611,60 euros, e de 565.660,93 euros ao peche do 2021.

NOTA 10: Fondos propios

- O epígrafe “Fondos propios” recolle o superávit neto xerado polo Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia dende a súa creación. O movemento neste exercicio e o anterior foi o seguinte:

| | Fondo Social | Excedente de exercicios anteriores | Excedente do exercicio | Total |
|--|------------------|------------------------------------|------------------------|-------------------|
| SALDO INICIAL 2021 | 35.029,99 | 490.180,39 | 103.541,33 | 525.210,38 |
| Aplicación de Rdos. | | 103.541,33 | -103.541,33 | |
| Excedente do exercicio | | | 131.553,87 | 131.553,87 |
| SALDO FINAL 2021 / SALDO INICIAL 2022 | 35.029,99 | 593.721,72 | 131.553,87 | 760.305,58 |
| Aplicación de Rdos. | | 131.553,87 | -131.553,87 | |
| Excedente do exercicio | | | 70.375,93 | 70.375,93 |
| SALDO FINAL 2022 | 35.029,99 | 752.275,59 | 70.375,93 | 70.375,93 |

- Non se produciron, nos exercicios 2022 e 2021, aportacións ao fondo social.
- En relación aos excedentes de exercicios anteriores, non existen circunstancias específicas que restrinxan o importe que figura contabilizado.

NOTA 11: Subvencións de capital

O detalle das subvencións de capital (todas recibidas da Deputación da Coruña) que figuran en balance son as seguintes:

| Obxecto | Ano | Importe | Imputado a resultado 2020 | Imputado a resultado 2021 | Imputado a resultado 2022 | Saldo en balance |
|------------------------------------|------|------------------|---------------------------|---------------------------|---------------------------|------------------|
| Reforma Local e plataforma dixital | 2020 | 22.750,00 | 696,53 | 1.517,43 | 1.517,43 | 19.018,61 |
| Equipos informáticos | 2021 | 4.560,58 | | 165,91 | 912,12 | 3.482,55 |
| | | 27.310,58 | 696,53 | 1.683,34 | 2.429,55 | 22.501,16 |

NOTA 12: Situación fiscal

- O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia está exento do Imposto sobre o Valor Engadido no referente aos ingresos polas cotas dos seus membros, polo que as cotas do IVE soportadas non deducibles que correspondan considéranse gasto ou inversión, segundo proceda.
- O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia está parcialmente exento do Imposto de Sociedades. Tal exención non atinxe aos rendementos derivados do exercicio de explotacións económicas, aos derivados do patrimonio, nin tampouco a determinadas rendas obtidas en transmisións de bens. As bases impoñibles resultantes dos exercicios anteriores nunca foron positivas.
- O tipo impositivo xeral vixente non variou respecto ao do ano anterior, sendo do 25%.
- Os exercicios abertos a inspección comprenden os catro últimos exercicios. As declaracións de impostos non se poden considerar definitivas ata a súa prescrición ou a súa aceptación polas autoridades fiscais, e con independencia de que a lexislación fiscal é susceptible de interpretacións. A Xunta de Goberno estima que calquera pasivo fiscal adicional que se poida poñer de manifesto, como consecuencia dunha eventual inspección, non terá un efecto significativo nas Contas Anuais tomadas no seu conxunto.
- O detalle dos saldos debedores e acredores mantidos con Administracións Públicas a 31 de decembro de 2022 e 2021 amósase a continuación:

| | 2022 | 2021 |
|---|------------------|------------------|
| IVE deudor | 0,00 | 71,15 |
| H.P acreedor por IVA | 2.999,82 | |
| Retencións | 60.262,72 | 54.327,76 |
| Seguridade Social | 5.962,69 | 5.632,91 |
| Total Facenda Pública, acreedora | 69.225,23 | 60.031,82 |

NOTA 13: Ingresos e gastos

- O epígrafe “Gastos de Persoal” da Conta de Perdas e Ganancias adxunta compoñe das seguintes partidas:

| | 2022 | 2021 |
|--------------------------------------|-------------------|-------------------|
| Soldos e salarios | 240.530,26 | 211.337,86 |
| Seguridade Social a cargo da empresa | 58.434,31 | 57.133,37 |
| Outros gastos sociais | 0,00 | 54,44 |
| | 298.964,57 | 268.525,67 |

- O detalle do epígrafe “Outros gastos da actividade” é o seguinte:

| | 2022 | 2021 |
|---|-------------------|-------------------|
| Servicios exteriores | 372.097,66 | 300.507,69 |
| Outros tributos | 24.071,04 | 21.397,42 |
| Pérdidas de créditos comerciais incobrables | 12.859,50 | 10.415,19 |
| Resultados extraordinarios | -5.613,07 | -5.801,62 |
| | 403.415,13 | 326.518,68 |

NOTA 14: Actividade da entidade**1. Actividades realizadas.**

O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia ten como actividades principais:

- O ordenamento do exercicio da profesión de psicólogo en tódalas súas formas e especialidades.
- A representación exclusiva da profesión e a defensa dos intereses profesionais dos colexiados.
- A vixilancia do exercicio da profesión, facilitando o coñecemento de todo tipo de disposicións legais que afecten á profesión, e facendo cumprir a ética profesional e as normas deontolóxicas.
- O control do adecuado nivel de calidade das prestacións profesionais dos colexiados, promovendo a formación e o perfeccionamento dos mesmos
- O fomento da promoción e o desenvolvemento técnico e científico da profesión. 

2. Recursos humanos empregados na actividade.

A entidade conta neste exercicio con 8 traballadoras, todas elas mulleres. O detalle do cadro de persoal, por categoría profesional, é o seguinte:

| | 2022 | 2021 |
|---------------------------|----------|----------|
| Oficial administrativo 1ª | 6 | 6 |
| Auxiliar administrativo | 1 | 1 |
| Titulada superior | 1 | 1 |
| Total | 8 | 8 |

Das traballadoras anteriores, só a auxiliar é temporal. Tódalas demais son traballadoras fixas.

Non se inclúen neste detalle os membros do Órgano de Goberno.

3. Beneficiarios ou usuarios da actividade.

Os beneficiarios da actividade da entidade son os psicólogos colexiados. A evolución das afiliacións é a que segue:

| | |
|------------------------------|--------------|
| COLEXIADOS INICIO 2021 | 3.202 |
| Altas | 299 |
| Baixas | -128 |
| COLEXIADOS FINAL 2021 | 3.373 |
| Altas | 309 |
| Baixas | -127 |
| COLEXIADOS FINAL 2022 | 3.555 |

4. Recursos económicos empregados.

A continuación detállanse os gastos e inversións realizados pola entidade nos exercicios 2022 e o seu precedente:

| | 2022 | 2021 |
|---|---------------------|---------------------|
| Gastos por colaboracións e do Órgano de Goberno | 487.157,04 | 435.778,80 |
| Gastos de persoal | 248.415,70 | 218.942,71 |
| Outros gastos da actividade | 399.759,13 | 326.527,76 |
| Amortización do inmovilizado | 28.063,05 | 25.807,38 |
| Gastos financeiros | 298,23 | 686,60 |
| Total gastos | 1.163.693,15 | 1.007.743,25 |
| Adquisicións de inmovilizado (excepto Bens de Patrimonio Histórico) | 14.127,28 | 23.291,66 |
| Cancelación de débedas non comerciais | 23.411,55 | 23.411,55 |
| Total outros recursos | 37.538,83 | 46.703,21 |
| Total | 1.201.231,98 | 1.054.446,46 |

5. Recursos económicos obtidos.

No seguinte cadro pode verse, pormenorizado, o total dos recursos económicos que obtivo a entidade:

| | 2022 | 2021 |
|---|---------------------|---------------------|
| Subvencións do sector público | 438.075,68 | 399.482,71 |
| Aportacións privadas (cotas de asociados e afiliados) | 740.973,75 | 705.805,10 |
| Outros tipos de ingresos | 52.587,10 | 32.325,97 |
| Total ingresos | 1.231.636,53 | 1.137.613,78 |
| Débedas contraídas | 0,00 | 0,00 |
| Subvencións de capital | 0,00 | 4.560,58 |
| Total outros recursos | 0,00 | 4.560,58 |
| Total | 1.231.636,53 | 1.142.174,36 |

A subvención de capital recibida no 2021 e no 2020 foi concedida pola Deputación da Coruña con motivo das obras de reforma do novo local do Colexio e transformación dixital no 2020 e compra de equipos informáticos no 2021. No 2022 non se recibiron subvencións de capital. Quedan pendentes de imputar a resultados (subvencions de anos anteriores) por importe de 22.501,16 euros

6. Convenios de colaboración con outras entidades

A entidade colabora, na realización das súas actividades, co Consejo General de Colegios Oficiales de Psicólogos, órgano coordinador e representativo de tódolos Colexios Oficiais de Psicólogos autonómicos, tanto no ámbito nacional coma no internacional.

Ademais, asina frecuentemente convenios con distintas Consellerías da Xunta de Galicia e Concellos, para a realización de programas de atención psicolóxica, mediación...

NOTA 15: Outra información

- Os importes percibidos polos membros da Xunta de Goberno do Colexio son os seguintes:

| | 2022 | 2021 |
|---------------------------------------|-----------|-----------|
| Soldos, dietas e outras remuneracións | 50.548,77 | 49.582,96 |

Este importe figura na conta de perdas e ganancias epígrafe 3.c).

- O importe correspondente á auditoría de contas do presente exercicio ascende a 4.500,00 euros.

En Santiago de Compostela, a 21 de Marzo de 2023.

A Xunta de Goberno



Mª ROSA ÁLVAREZ PRADA
DNI 34947079M – DECANA



HIPÓLITO PUENTE CARRACEDO
DNI 76772670G – VICEDECANO



Mª CARMEN GONZÁLEZ HERMO
DNI 52931127P – VICESECRETARIA



ALEJANDRA FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ
DNI 32639732H – SECRETARIA



MIGUEL ÁNGEL CHOUZA PONTE
DNI 76314743F – TESOUREIRO

Mª BEGOÑA CASTRO IGLESIAS
DNI 34961036R - VOGAL

JOSÉ BERDULLAS BARREIRO
DNI 44816425M - VOGAL



EVANGELINA MUIÑO GÓMEZ
DNI 33270852H – VOGAL



JOSÉ MANUEL OREIRO BLANCO
DNI 32755934R – VOGAL



ANA Mª NÚÑEZ RUBINES
DNI 78798218B - VOGAL



SOCORRO RODRÍGUEZ HOLGUÍN
DNI 36071915A - VOGAL

RICARDO FANDINO PASCUAL
DNI 35453368H - VOGAL

CONCEPCIÓN FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ
DNI 10082290X - VOGAL



DATA DE SINATURA: HASH DO CERTIFICADO:
04/12/2023 E16128B21DEF734A4FB4265D008E8B0B0B4A629

POSTO:
Selo de Órgano

NOME: Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia

